



Información da 8ª, 9ª e 10ª mesa negociadora do XV convenio no sector da discapacidade  
(8 e 30 de outubro, 19 de novembro)

## A PATRONAL MAIORITARIA AEDIS PRESENTA CUN ULTIMÁTUM A SÚA PROPOSTA DEFINITIVA SEN NINGUNHA MELLORA SIGNIFICATIVA

*A CIG-Ensino lamenta que as demais OO.SS. cedesen unha vez máis, plegándose á patronal, cun preacordo asinado o 19 de novembro, que evitará seguirmos na negociación e que logremos o convenio digno e xusto que o colectivo se merece.*

O 21 de marzo deste ano, a CIG-Ensino e os seus delegados/as comezamos coas mobilizacións en Galicia para loitar por un convenio xusto e digno, presionando ás patronais para que abandonasen o inmovilismo e o involucionismo logo de 5 meses de negociación estériles e sen un mínimo avance. Ademais, pretendiamos que as OO.SS estatais se unisen a estas mobilizacións como única saída posible para cambiar as dinámicas negativas de perda de dereitos. Lográmoslo por partida dobre, pois o 10 de abril saímos á rúa xunto con CCOO e UGT en Galiza e tamén houbo mobilizacións no resto do Estado español que acabaron dando resultados positivos ao conseguirmos que a patronal fixese propostas en positivo, avanzando minimamente na recuperación de dereitos, logo dos moitos perdidos no XIV convenio. Ademais lograbamos crear unha plataforma conxunta con CCOO e UGT, na que recollíamos estes obxectivos:

- **Táboas salariais dignas**, con recuperación do 5,2% de perda de poder adquisitivo neste XIV convenio e cláusula de revisión salarial nas futuras táboas garantindo o IPC. Ademais, maiores subas para os salarios máis precarios (os de menos de 1.000€). Aplicaríanse a todos/as, agás aos/as traballadores/as en pago delegado.
- **Redución das xornadas**. Hai que camiñar cara as 37,5h/semanais e axustar as anuais que están moi por riba do que corresponde. Nos centros educativos aplicar as do convenio da concertada.
- En **licenzas e permisos**. Recuperar os 6 días de asuntos propios e un novo permiso con dereito a visitas médicas xustificadas por un mesmo e por acompañamento a fillos/as menores e/ou maiores

a cargo que non poidan valerse por eles. Pasar os días naturais a laborais no resto de permisos tal e como ditan as sentenzas do supremo

- Nas IT, **baixas médicas por enfermidade común ou accidente non laboral**, recuperar durante o 1º mes, ao igual que no XIII convenio, o 100% do salario.
- **Eliminar o CDP e voltar aos trienios**, ou sacar a avaliación como mínimo.
- **Recuperar melloras sociais do XIII convenio** como o 7% de salario despois de 12 anos na empresa, ter dereito ás revisións médicas anuais, renovación anual de roupa de traballo ou pago dunha cantidade... e outras que se deben reivindicar como **cadro de enfermidades profesionais, redución xornada maiores de 55 anos, melloras nas condicións das excedencias, pluses de perigosidade, penosidade e toxicidade, horas extras, turnicidade, nocturnidade, flexibilización da xornada...**

Xa ante a primeira proposta da patronal, que non acadaba nin un só dos obxectivos marcados na plataforma e que era totalmente insuficiente, fixo que desde o primeiro momento tanto CCOO como UGT se esquecesen da plataforma conxunta e se aliasen de novo coa patronal máis representativa, entrándolle no xogo da negociación a mínimos e pregándose ás súas propostas de clasificación profesional e salarial (como a de eliminar o CDP e a avaliación) xunto cuns pequenos 'caramelos' en permisos, IT e xornada, así como adaptar todo o convenio restante á normativa actual, sen máis. Desde a CIG-Ensino entendemos que de manter a firmeza nas reivindicacións e a unidade sindical poderíamos lograr melloras moito máis significativas e dignificar o convenio.

# 1- Proposta Clasificación Profesional e Proposta salarial, con “trampas agochadas”

CLASIFICACIÓN XV CONVENIO	CLASIFICACIÓN XIV CONVENIO	Salario Actual	NOVO SALARIO	Suba salarial	Porcentaxe suba en %	
GRUPO PERSOAL TITULADO	Grao + Master	Persoal Titulado Grado Sup. ou postgrado	1.675	1.770	95	6%
		Psicólogo	1.675	1.770	95	6%
	Grao	Titulado/a Grao Medio ou grao	1.234	1.330	96	8%
		Traballador social	1.234	1.330	96	8%
		Terapeuta Ocupacional	1.234	1.330	96	8%
		Logopeda	1.234	1.330	96	8%
		Fisioterapeuta	1.234	1.330	96	8%
		Educador social	1.234	1.330	96	8%
		Diplomado/a Universitario/a en enfermería	1.234	1.330	96	8%
		Psicomotricista	1.234	1.330	96	8%
PERSOAL TÉCNICO	Técnico Superior	Xefe/a administración ( *)	1.340	1225 + 182,56	67	5%
		Xefe/a produción ( *)	1.333	1225 + 175,27	67	5%
		Encargado de Taller	1.145	1.225	80	7%
		Monitor/a-educador	1.157	1.225	68	6%
		Preparador/a laboral	1.157	1.225	68	6%
		Técnico de xestión administrativa	1.199	1225 + 41,18	67	6%
		Interprete de lingua de signos	1.157	1.225	68	6%
		Técnico de integración social	1.157	1.225	68	6%
		Profesor/a de taller	1.157	1.225	68	6%
		Técnico especialista	1.073	1.225	152	14%
		Gobernante/a	994	1.225	231	23%
		Xefe cociña	994	1.225	231	23%
		Adxunto/a de produción ( *)	1.249	1225 + 91,97	67	5%
		xefe/a 1ª administración ( *)	1.256	1225 + 98,66	67	5%
		PERSOAL TÉCNICO	Técnico Especialista	Cociñeiro	853	990
Condutor	853			990	137	16%
Oficial/a 1º administración	900			990	90	10%
Oficial/a 2º administración	861			990	129	15%
Oficial/a 1º oficios	906			990	84	9%
Oficial/a 2º oficios	853			990	137	16%
Coidador/a	911			990	79	9%
Auxiliar de enfermería/Auxiliar Téc. Educat.	911			990	79	9%
Asistente/a persoal	911			990	79	9%
Oficial especialista	906			990	84	9%
Técnico Auxiliar	Auxiliar de xestión administrativa		805	880	75	9%
	Axudante de cociña		745	880	135	18%
	Auxiliar de servizos xerais		809	880	71	9%
	Persoal de servizos domésticos		723	880	157	22%
	Auxiliar especialista		744	880	136	18%
Operario	736	880	144	19%		
P.O.	Operario	Operario con apoio	736	773	37	5%

Esta “boa” proposta de suba en 2019 supón a conxelación dos anos 2017 e 2018 e manterase conxelada en 2020 e 2021, é dicir, supón unha suba media do 2% anual, que non garante o IPC nin ten cláusula de revisión salarial. Ademais, consolídase o 5,2% de perda de poder adquisitivo acumulada no XIV convenio, coas conxelacións sufridas de 2012 a 2014 e as subas do 1% en 2016 e 2017. É discriminatoria.

**SUBA MEDIA = 10%**

## SALARIOS PARA 2019 - 2020 E 2021

GRUPO	COMPLEMENTOS	NOVO SB	N1	2019-20-21	Pendente negociar % suba	
					N2	2022-23-24
			7,50%	SB +N1	5,50%	SB +NI +N2
<b>Grao + master</b>	440 €	1.330,00 €	99,75 €	1.869,75 €	73,15 €	1.942,90 €
<b>Grao</b>		1.330,00 €	99,75 €	1.429,75 €	73,15 €	1.502,90 €
<b>Técnico Superior</b>		1.225,00 €	91,88 €	1.316,88 €	67,38 €	1.384,25 €
<b>Técnico</b>		990,00 €	74,25 €	1.064,25 €	54,45 €	1.118,70 €
<b>Técnico auxiliar</b>		880,00 €	66,00 €	946,00 €	48,40 €	994,40 €
<b>OPERARIO ED</b>						
2019		720,00 €	54,00 €	774,00 €	39,60 €	813,60 €
2020		753,00 €	56,48 €	809,48 €	41,42 €	850,89 €
2021		753,00 €	56,48 €	809,48 €	41,42 €	850,89 €

\* Todo o persoal contratado antes do 1/07/2016 acomódase ao novo SB + N1. Se o CDP que acumule é < ou = ao 5,6% reabsórbese todo no N1. O CDP que pase do 5,6% compénsase coa % que o sobrepase (se ten un 7,4% terá SB +N1+1,8%)  
 \* Todo o persoal con contrato a partir 1/07/2016 acomoda só a SB. REABSÓRBESELLE O CDP que tivese nesa suba. Fará o N1 en 2022. Só cobrará o SB en 2019 e o SB+N1 en 2022 (ademais da suba que se negocie nese momento)  
 \* Se SMI queda como está: en 2019 773€ e en 2020 en diante 850€, o Operario ED terá estes salarios. No 2020-21 terá complemento ata os 850€.

GRUPO	COMPLEMENTO	NOVO		2019-20-21		2022
		SB	N1	SB +N1	N2	SB +NI +N2
			7,50%		5,50%	
<b>Técnico auxiliar</b>						
2019		900,00 €	67,50 €	967,50 €	49,50 €	1.017,00 €
2020		930,00 €	69,75 €	999,75 €	51,15 €	1.050,90 €
2021		930,00 €	69,75 €	999,75 €	51,15 €	1.050,90 €
<b>OPERARIO ED</b>						
2019	40€	800,00 €	60,00 €	860,00 €	44,00 €	904,00 €
2020	40€	800,00 €	60,00 €	860,00 €	44,00 €	904,00 €
2021	40€	800,00 €	60,00 €	860,00 €	44,00 €	904,00 €

\* Se SMI = 900€ , o técnico auxiliar iría SB= 900€ + 30€ de complemento. O operario ED iría a 800€ + 40€ de complemento

**REVISIÓNS SALARIAIS FUTURAS Á BAIXA** - As revisións salariais faranse cada 3 anos, por acordo da mesa negociadora, en base ao IPC acumulado do período dos 3 anos anteriores, garantíndose un mínimo do 3,75% de suba no SB. De non chegar a acordo a mesa de negociación en 3 meses, aplicarase o 50% do IPC acumulado nos 3 anos ao salario (SB) e o outro 50% aos Niveis Desenvolvemento profesional (N1-N2). É dicir, **non hai clausula de revisión salarial, para garantir o IPC**. A patronal con negarse e alongar as negociacións 3 meses, xa garante unha suba ridícula.

**OS NOVOS NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL** (N1 e N2) propostos obrigan a facer horas formativas (75h. nos 3 anos, laborábeis), e o que é peor e preocupante, cumpridos estes 2 niveis desaparecerá a antigüidade (trienios).

### QUE FALSEDADES AGOCHAN ESTAS PROPOSTAS??

A PROPOSTA SALARIAL É DISCRIMINATORIA POLAS DIFERENZAS (%) DE SUBA, NON GARANTIZA O IPC FUTURO E PON LÍMITE Á ANTIGÜIDADE (2 trienios e fin).

A NOVA CLASIFICACIÓN PROFESIONAL ESCONDE UN MAIOR ÁMBITO FUNCIONAL

## 2º - XORNADA LABORAL

Insultante recorte da anual e desregulación da semanal.

Hai unha regresión e involución moi graves, pois o recorte da xornada anual é insignificante, pasando nos **centros de atención especializada de 1729h. a 1720h.**, e nos **centros especiais de emprego de 1758h. a 1720h.**, pero o que é peor, a xornada semanal pasa de ser “máximo de 38h. e 30min.” a desregularizarse dicindo “**referencia semanal de 38h. e 30min.**” Esta mesma xornada aplicaráselle tamén ao **persoal de administración e servizos dos centros educativos.**

Os **docentes dos centros educativos pasarán na xornada anual de 1300h. a 1250h.**, manténdose a **xornada máxima semanal en 32h** tal e como estaba no XIV.

O **persoal complementario titulado e auxiliar pasará de 1600h. a 1550h. en 2019 e 2020; no 2021 pasará a 1525h. anuais.** A xornada semanal pasará de “35h máximo” a “**35h. de referencia**”, é dicir, desregularizárase e quedará a gusto da patronal.

Na CIG-Ensino mantivémonos nas reivindicacións da plataforma, pois nin se acadou axustar o desfase anual de horas en relación ás semanais (as anuais deben ser máx.1700h)

## 3º - PERMISOS RETRIBUÍDOS

Lógranse avances sen recuperar os do XIII convenio.

As demais OO.SS limitáronse a pedir un **novο permiso para visitas médicas e titorías escolares“cunha bolsa de 16h laborais anuais”**. Desde a CIG-Ensino entendiamos que non debía estar limitado e a maiores debía recollese outro para xestións administrativas (DNI, catástrofes, divorcios...) Ademais había que recuperar os 6 días de asuntos propios.

Por dereito e debido á sentenza do Tribunal Supremo todos os días pasan de naturais a laborais. Tamén se logra unha maior flexibilización no goce dos permisos.

## 4º - I.T. (INCAPACIDADE TEMPORAL)

Mínimos avances os acadados.

Cobrarase o **100% do salario durante toda a baixa para enfermidades graves** recollidas no Real Decreto 1148/2011(cancerixenas). Ademais cobrarase tamén o **100% na primeira baixa do ano por enfermidade común** e para o resto segundo o convenio actual. Dende a CIG-Ensino entendiamos que debería recollese o 100% durante o 1º mes de calquera baixa por enfermidade común, tal e como se tiña en dereito no XIII convenio.

## 5º - OUTROS ACORDOS:

**Obriga de fixar o calendario laboral antes do 15 de xaneiro de cada ano. O crédito horario dos delegados/as de prevención será independente do asignado ao da representación legal dos traballadores/as. Facer as adaptacións legais a todo o articulado do XIV convenio** e introducir acordos acadados na Comisión Paritaria (como poder acumular a **lactancia en 20 días naturais**).

**As CONCLUSIÓNS deste preacordo só poden ser NEGATIVAS** pois non se acada nin un só dos obxectivos acordados na plataforma e mesmo **resulta regresivo e involucionista na xornada, antigüidade e salarios.**

Desde a CIG-Ensino logo da assemblea de delegados/as do sector decidiuse non asinalo. Reivindicamos outros temas a negociar da plataforma como o complemento do 7% do salario por cada 12 anos na empresa, redución de xornada para maiores de 55 anos, melloras nas excedencias, vacacións, horas extras, nocturnas e festivas, turnicidade, xornada irregular, bolsa de horas flexibles, enfermidades profesionais, voluntarismo, complementos penosidade, perigosidade e toxicidade...

## COA CIG-ENSINO OS TEUS INTERESES

### E DEREITOS ESTÁN DEFENDIDOS!

### OS NOSOS LOCAIS

#### SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

#### A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

#### BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

#### MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

#### FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

#### LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

#### OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

#### PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

#### A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

#### VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

#### VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

#### SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal